

Ante o desprezo que estamos a sufrir ignorando todos os escritos que enviamos á Xefatura Territorial e á UAC, o **CLAUSTRO DO PROFESORADO DO IES Miguel Ángel González Estévez de O Carril** denuncia a precariedade das condicións de conexión nas que se atopa o centro. Resultan inadmisibles as carencias que sofre o centro e que dificultan e incluso impiden o labor docente nunhas circunstancias nas que precisamente se nos require máis ca nunca a incorporación de recursos electrónicos e telemáticos. Esta situación provocou que as actividades telemáticas programadas se visen interrompidas ou simplemente non se puideran realizar, así:

Na realización de probas virtuais con 2º de Bacharelato foi a voluntariedade de dúas profesoras o que fixo posible que se realizaran empregando os PROPIOS RECURSOS DO PROFESORADO (ORDENADORES e a utilización dos DATOS MÓBILES) .

Cando programamos o inicio de curso pensamos que un dos puntos fundamentais -e así o recolleemos no noso Plan de Acollda- era asegurarnos de que todo o alumnado tiña un dominio básico das ferramentas que empregaríamos en caso de confinamento total ou parcial. Quixemos, cun grupo reducido de 5 alumnos, facer unha experiencia piloto de conexión a Webex dende a aula de informática, para ensinarlles a darse de alta, conectarse e manexar minimamente a aplicación. Tras dúas sesións de fracaso absoluto por perda de imaxe, son e conexión, desistimos.

Na realización dunha actividade co alumnado de 2º de bacharelato, conectando a través de videoconferencia coa Cidade da Cultura, as interrupcións e a perda de imaxe fixo imposible que remataran con éxito a actividade a pesares do esforzo da profesora organizadora.

Nunha videoconferencia con El Salvador dentro da iniciativa *Activistas polo mundo que queremos*, incluída no Plan Proxecta, dirixida a “fomentar a innovación educativa”, foi necesario que a coordinadora do proxecto empregara OS SEUS PROPIOS MEDIOS (ORDENADOR E DATOS MÓBILES) movéndose de aula en aula para que todos os grupos

puidesen preguntar, porque volveu pasar exactamente o mesmo que na actividade de 2º de Bacharelato.

As actividades cos ordenadores portátiles Abalar, en 1º e 2º ESO, resultan inviables dado que presentan tantas avarías e carencias que non compensa programar nada con eles. Un exemplo claro é o caso dos grupos de 1º ESO onde nun grupo non cargan e noutro non funcionan mais que 2 deles facendo imposible a súa utilización. Como podemos ensinarlle ao alumnado a empregar a Aula Virtual, a subir un arquivo, a entregar unha tarefa, a enviarnos unha mensaxe, etc. se non hai equipos para traballar na aula?

Actividades tan básicas como poñer vídeos ou similar a través de internet, traballar coa aula virtual ou poñer as faltas de asistencia do alumnado no XADE resultan, en ocasións, tarefas imposibles de realizar, ás veces por conexión e outras por dificultades técnicas dos equipos informáticos.

Nas actividades do Ciclo de Acondicionamento Físico resulta imprescindible que o alumnado utilice os seus PROPIOS EQUIPOS E DATOS MÓBILES por ser insuficientes os equipos do centro e por falta de conexión wifi no pavillón. Resulta esencial o acceso á aula virtual e a outras plataformas para o desenvolvemento da materia.

A atención ao alumnado en corentena desde o centro é un obxectivo inalcanzable. IMPOSIBLE realizar conexións por videoconferencia no centro co alumnado en corentena. Ao non haber suficiente equipamento informático e conexión insuficiente estanse a utilizar os **PROPIOS EQUIPOS e DATOS MÓBILES** . Elaboramos os horarios espello de atención ao alumnado pero non podemos cumprilos no centro por falta de medios. **É así como debemos atender ao alumnado que está en corentena? Levamos anos solicitando os puntos de acceso wifi á rede corporativa e o que obtemos é... NADA, un silencio que provoca a incredulidade da comunidade educativa.**

Se neste momento non hai mais actividades é porque o profesorado non quere arriscar a deixar "a medias" ao alumnado cunha actividade sen rematar pola falta de conexión .

No confinamento do mes de marzo de 2020, todo o profesorado asumiu que os seus equipos informáticos e a súa conexión era o material que debía utilizar co alumnado se quería atendelo como se merecía, pero o que resulta difícil de asumir é que agora, nas aulas, o profesorado (e incluso o alumnado) teña que seguir utilizando os seus medios pola escasa dotación do centro.

É por todo isto que esiximos o dereito do noso alumnado a ter unhas condicións óptimas e que se nos dote da CONEXIÓN WIFI Á REDE CORPORATIVA, MAIOR ANCHO DE BANDA QUE PERMITA REALIZAR TODAS AS ACTIVIDADES DO CENTRO, EQUIPOS INFORMÁTICOS QUE PERMITAN CREAR UNHA NOVA AULA INFORMÁTICA E RENOVAR OS EQUIPOS DE AULA E DOTAR AOS DEPARTAMENTOS E SALA DE PROFESORADO.

A gravidade da situación ben merece unha resposta e, por suposto, solucións inmediatas.

En O Carril a 11 de febreiro de 2021